

## GUIÓN PARA O TRABALLO DE LECTURA

### INTRODUCCIÓN. (Entre 1/2 minutos)

Facer unha pequena presentación do libro que lestes. Falade algo do autor/autora e indicade se xa coñecades algo del/dela. Podedes contar tamén porqué escollestes esta obra en concreto.

### EXPOSICIÓN. (Entre 3/4 minutos)

Facede un breve resumo da obra.

Á vez que contades o argumento explicade que estrutura ten a obra (Intro/nó/desenlace). Indicade que conta en cada unha das partes e destacade o máis importante de cada unha.

Indicade cal é o tema que trata. Se ademais do tema principal considerades que trata algún máis mencionádeos todos.

Presenta os personaxes principais. Menciona tamén aos secundarios máis importantes.

Conta en que lugar ou lugares sucede a historia, cando o fagas fala tamén do momento histórico en que sucede.

Presta atención tamén ao tempo cronolóxico cando sexa relevante na historia. É dicir, tes que mencionar se na narración hai saltos temporais, se a narración é lineal non é necesario indicalo.

### CONCLUSIÓN. (Entre 1/2 minutos)

Fai a túa valoración persoal do libro. Conta que che pareceu e comenta as partes que che gustaron máis ou as que che gustaron menos para poder argumentar a túa opinión.

Por último ponlle á obra unha puntuación do 1 a 10.

### RECOMENDACIÓNS

Facede un borrador co que ides dicir.

Procurade falar a modo e vocalizando o máximo posible.

Antes de gravar o vídeo probade a gravar só o audio e así comprobar cando durará o voso vídeo. Debe estar entre 5 e 8 minutos. Ademais así asegurádesvos de que se vai oír ben. Buscade un cuarto pechado onde non se faga eco.

Se dominades a montaxe de vídeos podedes facer libremente todo o que consideredes que contribúe a enriquecer o voso traballo.